

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CMQUI02	Operacións de laboratorio	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1256	Ensaio de materiais	2024/2025	6	123	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA ADELINA CALVIÑO LOIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico en Operacións de Laboratorio consiste en realizar tomas de mostras, ensaios de materiais, análises fisicoquímicas, químicas e biolóxicas, Neste caso é a modalidade Dual cunha empresa adicada ó tratamento da madeira. E ten unhas certas novidades, e é que se imparte ó alumnado de Ciclo medio de procesado e fabricación da madeira materias da especialidade de madeira pero tamen na especialidade de Operacións de laboratorio. O módulo Ensaio de materiais é o que máis se adapta ós contidos que precisa o alumnado para a formación no traballo na Empresa Finsa.

Neste módulo aplícanse procedementos normalizados e mantendo operativos os equipamentos e as instalacións de servizos auxiliares, consonte as normas de calidade e prevención de riscos laborais, e de protección ambiental. Algúns dos equipamentos son similares ós empregados en Finsa, co cal o alumnado adquirirá coñecementos prácticos no centro educativo e tamén na empresa.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións auxiliares de control de calidade e mantemento de instalacións e equipamentos en laboratorios de ensaios de materiais.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse nos procesos de:

- Preparación de materiais e equipamentos para o ensaio de materiais.
- Medición de variables no ensaio de materiais.
- Clasificación dos residuos para o seu posterior tratamento.
- Cumprimento e control da seguridade e protección ambiental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- f), Caracterizar as operacións básicas de laboratorio, describindo as transformacións da materia que levan consigo, para preparar a mostra para a análise.
- g), Caracterizar os produtos e aplicar procedementos normalizados para realizar ensaios de materiais ou ensaios fisicoquímicos.
- m), Recoñecer as normas de seguridade, calidade e ambientais, e as boas prácticas de laboratorio para manter a limpeza e a orde no posto de traballo.
- n), Recoñecer e clasificar as situacións de risco en todas as actividades que se realicen no laboratorio, para asegurar o cumprimento das normas e as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.
- ñ), Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.
- o), Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- p), Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo para resolver, de xeito responsable, as incidencias da súa actividade.
- q), Aplicar técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras para asegurar a eficacia do proceso.
- r), Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

e as competencias:

- f), Preparar a mostra para a análise, seguindo procedementos normalizados e adecuándoa á técnica que cumpra utilizar.
- g), Realizar ensaios de materiais ou fisicoquímicos, seguindo procedementos normalizados e cumprindo normas de calidade, prevención de riscos e protección ambiental.

- m), Manter a limpeza e a orde no posto de traballo, cumprindo as normas de boas prácticas de laboratorio (BPL) e os requisitos de saúde laboral.
- n), Asegurar o cumprimento das normas e as medidas de protección ambiental e prevención de riscos laborais en todas as actividades que se realicen no laboratorio.
- ñ), Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- o), Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- p), Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- q), Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- r), Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Técnicas de preparación de mostras.
- Realización de ensaios de materiais.
- Funcionamento e mantemento de equipamentos e instalacións.

Na medición de variables nos ensaios de materiais deben terse en conta actuacións relativas á aplicación de:

- Medidas de seguridade e equipamentos de protección individual.
- Calidade na realización do ensaio.
- Normativa de protección ambiental relacionada cos residuos e co seu tratamento.

As competencias tanto xerais como específicas e os obxectivos que se pretenden acadar neste módulo encaixan perfectamente no entorno produtivo de Santiago de Compostela e a súa bisbarra, neste caso encadra perfectamente na formación para o traballo no sector da madeira anque tamén se pode formar noutros sectores.

As razóns polas que este módulo encaixa tan ben no sector produtivo da bisbarra é:

-Porque existe un número importante de empresas do sector primario (lácteo, vitivinícola, piscícola, cárnico, acuícolas,...) no que o control de calidade é imprescindible. Control de calidade que require análise de parámetros químicos, microbiolóxicos, físicos e fisicoquímicos e outros..

-Por que estamos nunha zona onde existen laboratorios de investigación punteiros, directa ou indirectamente relacionados coa USC, con investigación en campos como a biotecnoloxía, edafoloxía, medioambiente, auga, aire, novos materiais para distintos sectores, agricultura, gandería, piscifactorías, enerxías renovables, o naval, a automoción, a madeira, que con maior frecuencia demandan técnicos superiores en laboratorio de análise e control de calidade.

-Porque a globalización da economía mundial obriga a facer uns controis de calidade, que permitan dar confianza para exportar e importar os produtos, tanto materias primas como transformados, o que fai esta titulación imprescindible, para entrar de forma competitiva nos diferentes mercados.

E, por outra banda, suliñar que o feito de ser membros da Unión Europea, obríganos a ter uns estándares de calidade armonizados coa lexislación da UE, para todo os produtos e materias primas ou manufacturas que produzamos e consumamos aquí.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					125600				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	53	43		X	X		X
2	MATERIA E MATERIAIS. CLASIFICACIÓN E DESIGNACIÓN	É unha introducción o coñecemento de materiais	7	6	X				
3	ESTRUTURA CRISTALINA.	Trátse dun achegamento á estrutura cristalina para o coñecemento da microestrutura dos materiais	3	2	X				
4	PROPIEDADES E ENSAIOS MECÁNICOS	Estudo das propiedades mecánicas dos materiais metálicos e dos ensaios que se lle poden realizar	24	20	X	X	X		
5	ENSAIOS FÍSICOS	Estudo dos ensaios de defectos	9	7		X		X	
6	ENSAIOS METALGRÁFICOS	Etapas dos ensaios metalográficos	15	12		X			X
7	ENSAIOS DE CORROSIÓN	Estudo da corrosión, os ensaios de corrosión e os efectos da corrosión nos materiais metálicos.	10	8	X	X			X
8	TIPOS DE MATERIAIS	Manexo de bibliografía sobre os ensaios de distintos materiais	2	2	X				
Total:			123						

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	53

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara os medios necesarios, tendo en conta a relación entre as técnicas utilizadas e o tipo de ensaio que cumpre realizar	SI
RA3 - Determina as propiedades mecánicas dos materiais, aplicando ensaios destrutivos	NO
RA5 - Realiza ensaios metalográficos e de corrosión, aplicando os procedementos de ensaio establecidos	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Actividades relacionadas cos ensaios de materiais indicados no convenio coa empresa	1	Actividades na empresa.	53,0
TOTAL			53

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Organizouse o laboratorio e revisáronse os equipamentos e os métodos de traballo, seguindo as indicacións da documentación	• OU.1 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA2.2 Realizouse o mantemento preventivo de primeiro nivel	• OU.2 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA2.3 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de laboratorio	• OU.3 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA2.4 Detectáronse posibles anomalías en equipamentos e instrumentos, e informouse a persoa oportuna	• OU.4 - sobre as actividades prácticas	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Realizouse a calibración dos equipamentos	• OU.5 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA2.6 Comprobase que estean dispoñibles para o ensaio todos os materiais, os equipamentos e os instrumentos de medida	• OU.6 - sobre as actividades prácticas	N	5
CA2.7 Preparáronse os equipamentos en función das propiedades do material, as características da mostra e o tipo de ensaio que cumpra realizar	• OU.7 - sobre as actividades prácticas	S	10
CA2.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos e protección ambiental na realización dos ensaios	• OU.8 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.2 Preparouse a mostra de acordo co tipo de ensaio e co equipamento que haxa que utilizar	• OU.9 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.3 Utilizáronse axeitadamente os equipamentos de preparación de mostras	• OU.10 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.4 Preparouse a documentación técnica do equipamento para realizar o ensaio de acordo coas especificacións técnicas	• OU.11 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.5 Axustáronse as probetas ás formas e ás dimensións normalizadas	• OU.12 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.6 Realizáronse os ensaios e manexáronse os equipamentos, aplicando as normas de prevención de riscos	• OU.13 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA3.7 Realizáronselles ensaios mecánicos a diversos materiais, para a súa caracterización e a súa diferenciación	• OU.14 - sobre as actividades prácticas	S	10
CA3.8 Ensaíouse o número de mostras adecuado e rexistráronse os resultados nas unidades apropiadas	• OU.15 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA5.6 Identificáronse as causas que orixinan a corrosión dos materiais, en relación coas súas propiedades	• OU.16 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA5.7 Seleccionáronse os métodos de protección fronte á corrosión	• OU.17 - sobre as actividades prácticas	S	5
CA5.8 Aplicáronse métodos de medida da corrosión en materiais e describiuse o equipamento necesario	• OU.18 - sobre as actividades prácticas	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Laboratorio de ensaios.

Contidos
<p>Mantemento de primeiro nivel de instalacións e equipamentos básicos de uso xeral.</p> <p>Riscos asociados ao manexo do equipamento básico e instalacións.</p> <p>Normas ambientais do laboratorio.</p> <p>Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento.</p> <p>0Ensaio tecnolóxico: chispa, pregadura, fractura, embutición e desgaste.</p> <p>Mantemento e funcionamento dos equipamentos utilizados nos ensaios destrutivos. Riscos asociados e medidas de seguridade. Equipamentos de protección individual.</p> <p>Preparación e acondicionamento de probetas.</p> <p>Realización de ensaios mecánicos de resistencia á rotura en materiais: tracción, compresión e flexión.</p> <p>Equipamento utilizado nos ensaios. Técnicas de ensaio. Riscos asociados e medidas de seguridade. Equipamentos de protección individual.</p> <p>Corrosión e oxidación: tipos de corrosión. Prevención da corrosión.</p> <p>Ensaio de corrosión: etapas. Preparación de probetas. Preparación de axentes corrosivos. Observación de resultados.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.</p>		<ul style="list-style-type: none"> Desenvolvemento axeitado das actividades encomendadas prácticas na empresa, cumprindo sempre as normas de seguridade e prevención establecidas na empresa 	<ul style="list-style-type: none"> coñecemento das actividades que lle foron encomendadas de xeito correcto. 	<ul style="list-style-type: none"> os protocolos de actuación de cada actividade práctica da empresa para poder consultar e que lle servirán de guía documental 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - sobre as actividades prácticas OU.2 - sobre as actividades prácticas OU.3 - sobre as actividades prácticas OU.4 - sobre as actividades prácticas OU.5 - sobre as actividades prácticas 	53,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • OU.6 - sobre as actividades prácticas • OU.7 - sobre as actividades prácticas • OU.8 - sobre as actividades prácticas • OU.9 - sobre as actividades prácticas • OU.10 - sobre as actividades prácticas • OU.11 - sobre as actividades prácticas • OU.12 - sobre as actividades prácticas • OU.13 - sobre as actividades prácticas • OU.14 - sobre as actividades prácticas • OU.15 - sobre as actividades prácticas • OU.16 - sobre as actividades prácticas • OU.17 - sobre as actividades prácticas • OU.18 - sobre as actividades prácticas 	
TOTAL						53,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	MATERIA E MATERIAIS. CLASIFICACIÓN E DESIGNACIÓN	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materiais, identificando as súas propiedades e as súas aplicacións	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os tipos de materiais. 1.2 Clasificar os ensaios de materiais.	1	Explicación dos contidos da unidade materia e materiais	3,0
2.1 Ter unha visión global dos tipos de ensaios de materiais	2	Realizar boletín de cuestións	2,0
3.1 Coñecer os biopolímeros e a súa síntese	3	Realizar un biopolímero	1,0
4.1 Coñecer a importancia do estudo dendrocronolóxico	4	Estudo dendrocronolóxico dunha arbore	1,0
TOTAL			7

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Clasifícanse materiais segundo as súas características xerais	• PE.1 - Sobre os contidos	N	40
CA1.2 Identifícase o tipo de material en relación coas súas aplicacións industriais	• PE.2 - Sobre os contidos	S	60
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Materiais: ciencia e enxeñaría.

Contidos
Composición, características, aplicacións e conformación de materiais: metálicos, poliméricos (plásticos), cerámicos, compostos (fibras, formigón, asfaltos, madeira e papel) e electrónicos.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicación dos contidos da unidade materia e materiais - Exposición dos tipos de materiais de interese tecnolóxico e os ensaios de materiais.	<ul style="list-style-type: none"> • Confección de cadros de clasificación de ensaios de materiais • Presentación de gráficas de evolución no consumo de diferentes materiais • Moderación dun pequeno debate sobre a evolución de consumo de materiais e desarrollo doutros novos. 		<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento dos materiais máis importantes a nivel tecnolóxico. • Comprender a evolución do termo <<interese tecnolóxico>>. • Ter unha visión global dos tipos de ensaios de materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxección de presentacións sobre a evolución do consumo de materiais. • Apuntes ou materiais sobre os contidos do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Sobre os contidos 	3,0
Realizar boletín de cuestións - Comprender e ter unha visión global dos tipos de ensaios de materiais e facilitar así o seu estudo		<ul style="list-style-type: none"> • Resolución das cuestións do boletín da U.T.1 (Boletín 1) • Participar no debate. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ter unha visión global dos tipos de ensaios de materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Boletín da U.T.1 (boletín 1) • Bibliografía específica. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Sobre os contidos 	2,0
Realizar un biopolímero - Sintetizar no laboratorio un biopolímero		<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun bioplástico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Obtención dun bioplástico 	<ul style="list-style-type: none"> • PNT 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Sobre os contidos 	1,0
Estudo dendrocronolóxico dunha arbore - medición de aneis de crecemento e variacións	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación de que é a dendrocronoloxía. Estudo da súa importancia no crecemento das árbores e a súa relación cos cambios climáticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar a medición de aneis de crecemento de diversas trozas de distintas árbores e observar variacións 	<ul style="list-style-type: none"> • coñecemento do significado dos aneis e das variacións que experimenta unha arbore no seu crecemento 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes, pizarra, presentacións e/ou vídeos explicativos dalgúns contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Sobre os contidos 	1,0
TOTAL						7,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ESTRUTURA CRISTALINA.	3

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materiais, identificando as súas propiedades e as súas aplicacións	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as celdiñas unitarias das estruturas cristalinas	1	Explicar Propiedades e estrutura cristalina.	2,0
1.2 Relacionar propiedades dos metais coa estrutura cristalina			
2.1 Determinar os parámetros característicos da celdiña unidade	2	Resolver cuestións e exercicios numéricos de para comprender e os cálculos relacionados coas estruturas cristalinas	1,0
2.2 Determinación da densidade teórica dun metal			
TOTAL			3

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Definíronse as propiedades máis representativas dos materiais metálicos	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre os contidos 	S	100
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Estruturas cristalinas.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicar Propiedades e estrutura cristalina. - Estudio da estrutura cristalina dos metais e dos diagramas de equilibrio	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as propiedades dos metais relacionándoas coa súa estrutura cristalina 		<ul style="list-style-type: none"> Cofecer as celdiñas unitarias de cada un deses sistemas cristalinos (cúbico e hexagonal) Recoñecer os principais sistemas cristalinos nos que cristalizan os metais. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes Proxección de presentacións de diagramas de fases de diferentes aleacións (isomórficas binarias, eutécticas binarias) Proxección de presentacións de sistemas cristalinos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre os contidos 	2,0
Resolver cuestións e exercicios numéricos de para comprender e os cálculos relacionados coas estruturas cristalinas - Realizar cálculos de densidades, aristas, radios....a partir dos datos das estruturas cristalinas		<ul style="list-style-type: none"> Resolver as cuestións e os exercicios do boletín relacionados coa estrutura cristalina. 	<ul style="list-style-type: none"> Determinación da densidade teórica dun metal mediante o cofecemento da súa estrutura cristalina. 	<ul style="list-style-type: none"> Bibliografía específica Boletín da U.T.2 con cuestións e exercicios relacionados ca estrutura cristalina dos metais (Boletín 2) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre os contidos 	1,0
TOTAL						3,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	PROPIEDADES E ENSAIOS MECÁNICOS	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza materiais, identificando as súas propiedades e as súas aplicacións	NO
RA2 - Prepara os medios necesarios, tendo en conta a relación entre as técnicas utilizadas e o tipo de ensaio que cumpre realizar	SI
RA3 - Determina as propiedades mecánicas dos materiais, aplicando ensaios destrutivos	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Propiedades mecánicas.Carga, esforzo e tensión 1.2 Ensaio de tracción 1.3 Ensaio de dureza 1.4 Ensaos de choque. Resiliencia. 1.5 Ensaos tecnolóxicos.	1	Explicar as propiedades mecánicas. Carga, esforzo e tensión. Tipos de ensaios mecánicos	8,0
2.1 Comprender a relación entre o tipo de ensaio e a propiedade que se quere determinar 2.2 Entender o ensaio de tracción, compresión e flexión 2.3 Entender o ensaio de dureza	2	Realizar cuestións e exercicios numéricos	6,0
3.1 Aprender a realizar o ensaio de tracción, compresión e flexión 3.2 Aprender a realizar o ensaio de dureza	3	Realizar diferentes ensaios mecánicos a diferentes materiais	10,0
TOTAL			24

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Definíronse as propiedades máis representativas dos materiais metálicos	• PE.1 - Sobre os contidos	S	7
CA2.1 Organizouse o laboratorio e revisáronse os equipamentos e os métodos de traballo, seguindo as indicacións da documentación	• OU.1 - Sobre as prácticas	S	6
CA2.2 Realizouse o mantemento preventivo de primeiro nivel	• OU.2 - sobre as prácticas	S	6
CA2.3 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de laboratorio	• OU.3 - Sobre as prácticas	S	6
CA2.4 Detectáronse posibles anomalías en equipamentos e instrumentos, e informouse a persoa oportuna	• OU.4 - Sobre as prácticas	N	5
CA2.5 Realizouse a calibración dos equipamentos	• OU.5 - Sobre as prácticas	S	6
CA2.6 Comprobase que estean dispoñibles para o ensaio todos os materiais, os equipamentos e os instrumentos de medida	• OU.6 - Sobre as prácticas	N	5
CA2.7 Preparáronse os equipamentos en función das propiedades do material, as características da mostra e o tipo de ensaio que cumpra realizar	• OU.7 - Sobre as prácticas	N	5
CA2.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos e protección ambiental na realización dos ensaios	• OU.8 - Sobre as prácticas	N	5
CA3.1 Relaciónáronse as propiedades mecánicas dos materiais co tipo de ensaio e cos parámetros físicos	• PE.2 - Sobre os contidos e as prácticas	S	7
CA3.2 Preparouse a mostra de acordo co tipo de ensaio e co equipamento que haxa que utilizar	• OU.9 - sobre as prácticas	S	7
CA3.3 Utilizáronse axeitadamente os equipamentos de preparación de mostras	• OU.10 - sobre as prácticas	S	7
CA3.4 Preparouse a documentación técnica do equipamento para realizar o ensaio de acordo coas especificacións técnicas	• OU.11 - sobre as prácticas	N	5
CA3.5 Axustáronse as probetas ás formas e ás dimensións normalizadas	• OU.12 - sobre as prácticas	S	6
CA3.6 Realizáronse os ensaios e manexáronse os equipamentos, aplicando as normas de prevención de riscos	• OU.13 - sobre as prácticas	N	5
CA3.7 Realizáronselles ensaios mecánicos a diversos materiais, para a súa caracterización e a súa diferenciación	• OU.14 - sobre as prácticas	S	7
CA3.8 Ensaíouse o número de mostras adecuado e rexistráronse os resultados nas unidades apropiadas	• OU.15 - sobre as prácticas	N	5

TOTAL
100
4.4.e) Contidos
Contidos

Propiedades dos materiais: químicas, mecánicas, metalográficas e físicas.

Interpretación e utilización da norma UNE sobre características dos materiais.

Laboratorio de ensaios.

Mantemento de primeiro nivel de instalacións e equipamentos básicos de uso xeral.

Riscos asociados ao manexo do equipamento básico e instalacións.

Normas ambientais do laboratorio.

Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento.

Clasificación dos ensaios de materiais.

0Ensaos tecnolóxicos: chispa, pregadura, fractura, embutición e desgaste.

Mantemento e funcionamento dos equipamentos utilizados nos ensaios destrutivos. Riscos asociados e medidas de seguridade. Equipamentos de protección individual.

Propiedades mecánicas: cohesión, adherencia, elasticidade, plasticidade, dureza, tenacidade, fraxilidade, resistencia e rixidez.

Ensaos mecánicos. Conceptos de carga, esforzo, tensión e deformación. Clasificación.

Preparación e acondicionamento de probetas.

Puntos salientables do diagrama de deformacións. Parámetros obtidos.

Realización de ensaios mecánicos de resistencia á rotura en materiais: tracción, compresión e flexión.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos
Outros ensaios de resistencia: empenamento, resiliencia, fluencia e fatiga.
Realización de ensaios de dureza a diversos materiais aplicando as normas: dureza Rockwell, Brinell e Vickers.
Outros ensaios de dureza: esclerómetro, Shore e microdureza.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicar as propiedades mecánicas. Carga, esforzo e tensión. Tipos de ensaios mecánicos - Coñecer as diferentes propiedades mecánicas e os diferentes tipos de ensaios mecánicos	<ul style="list-style-type: none"> Presentar a definición de diferentes propiedades mecánicas: elasticidade, plasticidade, fragilidade, tenacidade, etc Presentación das probetas de diferentes materiais para a realización do ensaio de tracción. Normativa. Diagramas esforzo - deformación de diferentes metais. Explicar os diferentes métodos para determinar a dureza ó raído e a dureza ó penetrador. 	<ul style="list-style-type: none"> Explicar cómo e para que se realizan os ensaios de resistencia ó choque. Concepto de resiliencia. Presentar os ensaios tecnolóxicos 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento das propiedades mecánicas. Coñecemento dos diferentes ensaios mecánicos 	<ul style="list-style-type: none"> Proxección de presentacións das propiedades mecánicas, tipos de carga e esforzos. Apuntes escritos elaborados pola profesora. Bibliografía específica. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.11 - sobre as prácticas PE.1 - Sobre os contidos PE.2 - Sobre os contidos e as prácticas 	8,0
Realizar cuestións e exercicios numéricos - Comprender mellor as propiedades mecánicas e a realización dos cálculos relacionados cos ensaios mecánicos e facilitar o seu estudo		<ul style="list-style-type: none"> Resolver as cuestións e problemas do boletín 3 relacionados con estes contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ser capaz de calcular valores de carga e tensión, expresando o resultado en diferentes unidades. Ser capaz de realizar os cálculos para obter os valores das diferentes propiedades mecánicas a partir de diferentes datos no boletín 	<ul style="list-style-type: none"> Boletín da U.T.3, donde figuran cuestións e exercicios relativos ós contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre os contidos PE.2 - Sobre os contidos e as prácticas 	6,0
Realizar diferentes ensaios mecánicos a diferentes materiais - Aprender a realizar no laboratorio diferntes ensaios mecánicos		<ul style="list-style-type: none"> Interpretación da información sobre o funcionamento da M. U. E. 	<ul style="list-style-type: none"> Ser capaz de realizar ensaios de tracción a diferentes metais cumprindo a normativa referida a 	<ul style="list-style-type: none"> Simulador de ensaios de tracción online (Ministerio) 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Sobre as prácticas 	10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> Preparar as condicións para realizar ensaios de tracción a diferentes metais. Realizar ensaios de tracción a probetas de diferentes metais. Realización dos cálculos necesarios, cos datos obtidos nos ensaios, para determinar as propiedades mecánicas dos materiais. Analizar e interpretar os resultados dos ensaios de tracción Preparar as condicións para realizar os ensaios de dureza. Comprobar o correcto funcionamento dos durómetros mediante patróns. Realizar ensaios de dureza a probetas de diferentes materiais: aluminio, latón, aceiros... Realización de cálculos de superficie de pegada nos ensaios de dureza. Uso de táboas de conversión dos distintos tipos de dureza. Realización de operacións de limpeza e mantemento dos durómetros. 	prevención de riscos laborais e protección a,biental. <ul style="list-style-type: none"> Ser capaz de analizar e interpretar os resultados dos ensaios de tracción Ser capaz de realizar ensaios de dureza a diferentes metais cumprindo a normativa referida a prevención de riscos laborais e protección a,biental. Ser capaz de analizar e interpretar os resultados dos ensaios de dureza. 	<ul style="list-style-type: none"> Instrucións da M.U.E. Normativa sobre o seu uso. Normativa para realización de ensaios de tracción. PNTs para o ensaio de tracción. Manual de instrucións dos durómetros. Normativa para determinar a dureza Brinell, Vickers e Rockwell PNTs para determinar a dureza Brinell, Vickers e Rockwell. Proxeccións audiovisuais de diferentes ensaios. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - sobre as prácticas OU.3 - Sobre as prácticas OU.4 - Sobre as prácticas OU.5 - Sobre as prácticas OU.6 - Sobre as prácticas OU.7 - Sobre as prácticas OU.8 - Sobre as prácticas OU.9 - sobre as prácticas OU.10 - sobre as prácticas OU.12 - sobre as prácticas OU.13 - sobre as prácticas OU.14 - sobre as prácticas OU.15 - sobre as prácticas 	
					TOTAL	24,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	ENSAIOS FÍSICOS	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara os medios necesarios, tendo en conta a relación entre as técnicas utilizadas e o tipo de ensaio que cumpre realizar	SI
RA4 - Determina as propiedades mecánicas dos materiais aplicando ensaios non destrutivos	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os ensaios físicos e analizar as súas vantaxes e aplicacións	1	Explicar os contidos de ensaios físicos	5,0
2.1 Identificar os ensaios físicos e analizar as súas aplicacións	2	Resolver cuestións sobre os ensaios físicos	4,0
TOTAL			9

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Organizouse o laboratorio e revisáronse os equipamentos e os métodos de traballo, seguindo as indicacións da documentación	• OU.1 - sobre as prácticas	S	7
CA2.2 Realizouse o mantemento preventivo de primeiro nivel	• OU.2 - sobre as prácticas	S	7
CA2.3 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de laboratorio	• OU.3 - sobre as prácticas	S	7
CA2.4 Detectáronse posibles anomalías en equipamentos e instrumentos, e informouse a persoa oportuna	• OU.4 - sobre as prácticas	N	5
CA2.5 Realizouse a calibración dos equipamentos	• OU.5 - sobre as prácticas	S	7
CA2.6 Comprobase que estean dispoñibles para o ensaio todos os materiais, os equipamentos e os instrumentos de medida	• OU.6 - sobre as prácticas	N	5
CA2.7 Preparáronse os equipamentos en función das propiedades do material, as características da mostra e o tipo de ensaio que cumpra realizar	• OU.7 - sobre as prácticas	N	6
CA2.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos e protección ambiental na realización dos ensaios	• OU.8 - sobre as prácticas	N	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícaronse e clasificáronse os ensaios físicos non destrutivos ou de defectos	• OU.9 - sobre os contidos	S	7
CA4.2 Relacionáronse cos ensaios as propiedades dos materiais e os parámetros físicos	• PE.1 - sobre os contidos	N	6
CA4.3 Seleccionouse o equipamento apropiado segundo o parámetro que cumpra medir e o tipo de material	• OU.10 - sobre as prácticas	S	7
CA4.4 Identifícaronse as etapas de aplicación de líquidos penetrantes e ensaiáronse en distintos materiais	• PE.2 - sobre as prácticas	S	7
CA4.5 Realizáronse ensaios con partículas magnéticas e identifícaronse as etapas do ensaio	• OU.11 - sobre as prácticas	N	6
CA4.6 Descríbíronse probas con correntes inducidas a distintos materiais	• OU.12 - sobre os contidos	N	6
CA4.7 Identifícaronse técnicas de aplicación de ultrasóns e aplicáronselles a diferentes materiais	• OU.13 - sobre as prácticas	S	7
CA4.8 Rexistráronse os datos axeitadamente e reflectíronse da maneira establecida no laboratorio	• OU.14 - sobre as prácticas	N	5
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Propiedades dos materiais: químicas, mecánicas, metalográficas e físicas.</p> <p>Interpretación e utilización da norma UNE sobre características dos materiais.</p> <p>Riscos asociados ao manexo do equipamento básico e instalacións.</p> <p>Normas ambientais do laboratorio.</p> <p>Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento.</p> <p>Ensaio mecánicos non destrutivos ou de defectos: clasificación e fundamentos.</p> <p>Aplicación de normas na realización de ensaios segundo o tipo de material.</p> <p>Técnicas de ensaio: líquidos penetrantes, partículas magnéticas, correntes inducidas, ultrasóns e radiacións. Etapas na aplicación dos ensaios.</p> <p>Realización de ensaios con líquidos penetrantes e partículas magnéticas.</p>

Contidos
Medidores portátiles.
Mantemento e funcionamento dos equipamentos utilizados nos ensaios non destrutivos. Riscos asociados e medidas de seguridade. Equipamentos de protección individual.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
